



CENTRO DE ESTUDOS COOPERATIVOS DE GALICIA (CECOOP). MEMORIA DE ACTIVIDADES DO 2023

O CECOOP é un Centro de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela que ten como finalidade, entre outras, promover e desenvolver o coñecemento, a investigación e a difusión das materias vencelladas co cooperativismo e coa Economía Social, establecendo vínculos con outras organizacións e entidades que teñan fins e obxectivos converxentes cos do CECOOP de ámbito galego, nacional e internacional.

Consonte cos seus obxectivos, o CECOOP ten levado ao longo do ano 2023 un conxunto de actividades, esencialmente coincidentes coas especificadas no CONVENIO de colaboración asinado entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a USC , que a efectos da súa sistematización agrúpanse tradicionalmente en catro bloques: actividades de carácter científico e de investigación, actividades de formación, difusión e divulgación, actividades de promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa e as de dotación de material (bibliografía especializada e mantemento da web).

As actividades previstas na cláusula segunda do CONVENIO asinado, foron realizadas ao largo do curso académico. Dende un punto de vista práctico, intentouse que as actividades programadas se adaptaran o máxime posible as dispoñibilidades de espazos, orzamentos e finalidades do CECOOP.

Na cláusula segunda do referido CONVENIO indicase: “O Centro de Estudos Cooperativos, para o cumprimento dos seus fins propios, cooperará coa Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social (actualmente Secretaría Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social) nos temas de interese conxunto orientados á promoción e fomento da economía social en Galicia. En particular, levará a cabo durante o ano 2023 as seguintes actividades:

a) Promoción da investigación en materia de economía social

- 1. Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional, do Observatorio Iberoamericano del Empleo y la Economía Social y Cooperativa (OIBESCOOP) e da RED ENUIES.*
- 2. Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores, así como na publicación dos resultados das súas investigacións e a presentación destas en congresos científicos.*

3. *Fomento da participación de estudantes universitarios en traballos de investigación ou estudos especializados.*

4. *Elaboración e mantemento dun repositorio de traballos de investigación publicados ou en curso.*

5. *Elaboración dun informe sobre a Economía Social en Galicia, cos datos de 2022, continuando cos elaborados para o ano 2019, 2020 e 2021.*

6. *Deseño dun portal estatístico galego para a Economía Social en Galicia (GALESTAT-CECOOP) coa metodoloxía do CIRIECSTAT para elaborar uns datos comparables a nivel de España e con outras comunidades autónomas.*

b) Realización de actividades de formación, difusión e divulgación

7. *Organización de actividades na Universidade de Santiago de Compostela dentro da “IV Semana Universitaria de Economía Social” na semana do 20 ao 30 de marzo de 2023, organizada polos Centros e Institutos de Investigación adheridos a RED ENUIES. Así mesmo, fomentárase a participación de profesores das outras universidades galegas*

8. *Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Emprego e Igualdade e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades.*

9. *Coordinación e proposta de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.*

c) Promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa

10. *Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas.*

11. *Mantemento dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas acerca das novidades normativas, con análise dos principais aspectos que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.*

12. *Apoio e asesoramento na redacción da nova Lei de Cooperativas de Galicia.*

d) Dotación material

13. *Adquisición de bibliografía especializada.*

14. *Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP.*

Estas actividades foron cumprimentados do xeito seguinte:

a) Promoción da investigación en materia de economía social

1.- Participación activa en sesión de dirección, de ejecución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional, do Observatorio Iberoamericano del Empleo e da RED UNIES

Asistencia ás reunións que foron convocadas para establecer as liñas de actuación do CIRIEC, en canto o CECOOP forma parte da Comisión Executiva e do Consello de Dirección de CIRIEC España, así como dos Consellos das revistas académicas: “CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa” e “CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Social y Cooperativa”. Este ano as reunións foron presenciais. Así mesmo, asistimos as reunións convocadas polo Observatorio Iberoamericano del Empleo y la Economía Social y Cooperativa (OIBESCOOP) que foron telemáticas.



Asistencia aos seguintes actos do 20º Aniversario do Instituto Universitario de Investigación en Economía Social da Universitat de València (IUDESCOOP), socio de CIRIEC: 3ª xornada sobre o IUDESCOOP e a transferencia de coñecemento, o 21 de setembro e ao de celebración o 9 de novembro de 2023, ambas en Valencia.

20º Aniversario del IUDESCOOP 2003-2023
3a Jornada IUDESCOOP y la transferencia de conocimiento
21 Septiembre 2023
 Salón de Grados de la Facultad d'Economia, Universitat de València

Programa

11:00 - 11:20 h CAFÉ DE BIENVENIDA (Haci de la Facultad d'Economia)

11:20 - 11:45 h INAUGURACIÓN

- Rosa María Donat Benito, Viceministra de Innovación y Transferencia de la Universidad de Valencia.
- Andrés Luch Figueras, Director General de Trabajo, Cooperativismo y Seguridad Laboral.
- Maria José Yañu Valls, Directora del Instituto Universitario de Economía Social, Cooperativismo y Emprendimiento (IUDESCOOP).

11:45 - 12:30 h EL PAPEL DEL IUDESCOOP EN LA TRANSFERENCIA DE CONOCIMIENTO

Módulo: María José Serret Vici, Profesora Titular de la Universidad Jaume I.

- Rafael Chaves Ruiz, Catedrático de Universidad e investigador del IUDESCOOP.
- José Cleaver Ignacio, Profesor Titular de Universidad e investigador del IUDESCOOP.
- Vicent Diego Ramis, Presidente de la Federación de Cooperativas de Valencia y Reintegración de la Comunidad Valenciana.
- José Ignacio Martínez, Ejecivo del Servicio del Registro de Cooperativas de la Generalitat Valenciana y Ejecivo en Economía Social.

12:30 - 13:30 h CONFERENCIA CON JUAN ANTONIO PEDREÑO FRUTOS, PRESIDENTE DE CEPES Y DE SOCIAL ECONOMY EUROPE

Convidado por Carmen Aguado García, Profesora Titular de Universidad de Derecho Mercantil e investigadora del IUDESCOOP.

13:30 h CLAUSURA DE LA JORNADA

- Virginia Simón Moya, Secretaria del Programa de Doctorado en Economía Social: Cooperativas y Entidades no Lucrativas.
- Teresa Sanz, Coordinadora del Máster en Economía Social: Cooperativas y Entidades no Lucrativas.
- Paloma Tarazona, Directora Federación Valenciana de Cooperativas de Trabajo Asociado (FEVCTA).

Inscríbete!
 Envía un correo a ci@cecep.es

20 Años de celebración Aniversari del IUDESCOOP 2003-2023
9 Noviembre 2023
 Salón de actos del Jardín Botánico de la Universitat de València

Programa

9:30 - 10:00 Inauguración.
 María José Yañu Valls, Directora del Instituto Universitario de Economía Social, Cooperativismo y Emprendimiento.
 Andrés Luch Figueras, Director General de Trabajo, Cooperativismo y Seguridad Laboral.
 Víctor Meneses Sánchez, Consejero Regional para la Economía Social, Gobierno de España.
 Emilio Sampedro Banaul, Presidente de la Confederación de Cooperativas de la Comunidad Valenciana.
 Luis Yañu Gibert, Presidente de CERPA PTSCV.

10:00 - 10:30 Conferencia Inaugural: Historia del Instituto y de la economía social.
 Pon: José Luis Madoño Camacho, Catedrático honorario de Economía Aplicada e investigador del IUDESCOOP.

10:30 - 11:00 Presentación del libro colectivo y de la memoria de actividades del Instituto.
 Módulo: Belén Caral Escada, Investigadora del IUDESCOOP.
 Rafael Chaves Ruiz, Catedrático de Economía Aplicada e investigador del IUDESCOOP.
 María José Yañu Valls, Directora del Instituto Universitario de Economía Social, Cooperativismo y Emprendimiento.

11:00 - 11:20 Pausa café

11:20 - 13:00 Las actividades del IUDESCOOP en materia de investigación, formación, transferencia, documentación y divulgación.
 Organiza: Inma y Jéssica Martínez.
 Rafael Chaves Ruiz, Carmen Aguado García, Investigadoras del IUDESCOOP.
 Agradecida: Teresa Sanz Moya y Rubén Cuñat Gómez, Directores del Máster en Economía Social, Francisco Martín Sanja y Mercedes Vences Montañá, Ejecivos de los programas formativos en economía social.
 Transferencia de conocimiento y redes de colaboración.
 Domingo Ribera Soriano, Investigador del IUDESCOOP.
 Carmen Martínez Sanz, Presidente de IUDESCOOP, Catedrática Universidad de Zaragoza.
 Documentación, información y publicaciones.
 Rafael Chaves Ruiz, Director del Centro de Documentación CDEIC.
 José Juan Caballero Morales, Jefe de Redacción del Noticias del CDEIC.
 Nardai Albaladejo, Directora de la Confederación de Cooperativas de la Comunidad Valenciana.

13:00 - 13:30 Palabras del profesorado y amigos del Instituto.
Clausura
 María Victoria Mestre Escrivá, Rectora de la Universidad de Valencia.
 María José Yañu Valls, Directora del IUDESCOOP.
 Adoración Moya Mora, Presidente de CDEIC España.

14:00 Cofre de clausura
 Envía un correo a ci@cecep.es

Inscríbete!
 Envía un correo a ci@cecep.es

Participación do CECOOP nas actividades de coordinación da RED ENUIES (“Red Española Interuniversitaria de Centros e Institutos de Investigación en Economía Social”) a través de colaboracions e de difusión de actividades, pois en canto membro fundador e directivo da mesma, trata de lograr a mellora da difusión da labor científica desenrolada polos institutos e centros de investigación en economía social, así como facilitar a intercooperación entre os mesmos, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías da información no marco dos programas xerais de promoción á investigación.

PRESENTACIÓN RED ENUIES



La Red ENUIES se constituyó en 2003 con el fin de conocer mejor la labor que realizan los centros e institutos universitarios de investigación en Economía Social y para permitir desarrollar más la cooperación científica entre ellos.

La investigación en el área de la Economía Social ha experimentado un creciente interés en España, y de una forma muy especial en su sistema universitario, como se viene poniendo de manifiesto en las distintas jornadas y congresos de investigadores que organiza CIRIEC, así como

en sus publicaciones científicas.

Los más de 300 investigadores que desarrollan su labor en distintas universidades y centros de investigación representan el mejor exponente de la atención que la Economía Social merece hoy en el mundo académico. De hecho, en más de 30 universidades españolas se trabaja en líneas de investigación sobre esta materia, y muchas de ellas cuentan con institutos y centros de investigación especializados en Economía Social.

Enuiés surgió para unirlos a todos ellos y su resultado es la mejora de los logros científicos en el campo de la Economía Social, en el que España ya constituye un referente en Europa.

Preside la Red Enuiés desde su inicio el ex rector de la Universidad Politécnica de Valencia Juan Francisco Juliá Igual.



2.- Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores, así como na publicación dos resultados das súas investigacións e a presentación destas en congresos científicos.

Participación de investigadores do CECOOP en Congresos:

XIX Congreso de Investigadores en Economía Social de CIRIEC-España celebrado en Mataró os días 19-21 de abril de 2023, e organizado polo CIRIEC-España, o TecnoCampus Mataró-Maresme e a Fundació Roca Galés. A directora do CECOOP, Maite Cancelo, e a investigadora do mesmo, María Bastida, formaron parte do Comité Científico do Congreso (https://ciriec.es/wp-content/uploads/2022/09/CIRIEC_XIX_Congreso_1a_llamada_a_presentacion_comun.pdf).



No congreso, presentáronse, ademais, os seguintes traballos:

- Cancelo, Maite; Díaz-Vázquez, Rosario & Vázquez-Rozas, Emilia: “La digitalización y las empresas de inserción en Galicia después de la pandemia del COVID-19”
<http://ciriec.es/?descargar-comunicacion=3825&view=1>
- Fernández Fernández, Loreto; Luís Bassa, Carolina & Oliveira Blanco, Ana: “El APS como herramienta para el acercamiento del alumnado universitario a la economía social”
<http://ciriec.es/?descargar-comunicacion=3864&view=1>
- Oliveira Blanco, Ana; Fernández Fernández, Loreto & Bastida Domínguez, María. “El impacto de la crisis socioeconómica del COVID-19 en el ecosistema de economía social. El caso de Santiago de Compostela”
<http://ciriec.es/?descargar-comunicacion=3882&view=1>

Publicación de traballos científicos.

- Vaquero García, A.; Bastida, M. y Vázquez Taín, M. (2023). “La economía social como instrumento para la recuperación económica: las medidas dinamizadoras propuestas en Galicia”. *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, Nº 108 JULIO 2023 · pp. 5-34 (https://ciriec-revistaeconomia.es/wp-content/uploads/CIRIEC_108_01_Vaquero_et_al.pdf).
- Cancelo, M. (2023): La economía social y los ODS en Galicia. Especial referencia al rural gallego. En: Francisco Salinas, Javier Jorge-Vázquez y Noelia Muñoz (coord.). *La Economía Social ante los Objetivos de Desarrollo Sostenible de la Agenda 2030*. CIRIEC-España.

Outros:

- A directora do CECOOP, ademais, foi avaliadora do Libro Banco da Economía Social de Canarias.
- A directora do CECOOP e a investigadora do mesmo, a profesora María Bastida, forman parte do consello de redacción da revistas *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*. A directora do CECOOP, ademais é membro do equipo editorial da *Revista CIRIEC Costa Rica*.
- A secretaria do CECOOP, realizou a recensión bibliográfica do traballo: “La participación de las personas socias y de las personas trabajadoras en las cooperativas para determinar las condiciones de trabajo”, por Francisco Javier Arrieta Idiakez. (<https://doi.org/10.31009/IUSLabor.2023.i01.10>).
<https://www.raco.cat/index.php/IUSLabor/article/view/412706>

3.- Fomento da participación de estudantes universitarios en traballos de investigación ou estudos especializados

Neste apartado recolleamos a oferta de Traballos de Fin de Grao, e traballos xa presentados no último curso, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e na Facultade de Dereito, relacionados co estudo do cooperativismo e outras fórmulas de Economía Social:

Defendidos no curso 2022-23.

- A Economía Social e as Cooperativas en Galicia. Titoras: Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- socio nas Sociedades Cooperativas de Vivenda en Galicia. Titor: Rafael Millán. Grao en Economía.
- Centros Especiais de Emprego. Perspectiva estatal e galega. Titora: Pilar Expósito. Grao en Economía.
- Unha visión sobre os plans comunitarios de desenvolvemento da Economía Social. Titor: Rafael Millán. Grao en Economía.

- Evolución recente do cooperativismo en Galicia. Titoras: Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Economía social e cooperativas. Titor: Rafael Millán. Grao en ADE.

Ofertados para o curso 2022-23

- Entidades de la Economía social. Titor: Rafael Millán. Grao en ADE.
- Análise da Economía Social en Galicia (I). Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Análise da Economía Social en Galicia (II). Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Análise da Economía Social en Galicia (III). Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Análise do cooperativismo galego. Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Fiscalidade empresarial. Réxime fiscal das cooperativas. Titor: Miguel Ángel Vázquez Taín. Grao en ADE
- Os Montes Veciñais en Man Común: Traxectoria histórico-económica e contexto presente. Titor: Damián Copena Rodríguez. Grao en ADE
- A Economía Social: Os Centros Especiais de Emprego con ánimo de lucro. Titora: Pilar Expósito. Grao en Economía.
- Economía do terceiro sector. Hugo Martínez Ballesteros. Grao en Economía.

4.- Elaboración e mantemento dun repositorio de traballos de investigación publicados ou en curso

Os traballos publicados polos investigadores do CECOOP poden atoparse, sempre que estean dispoñibles, na web do Centro de estudos no apartado Publicacións.

5.- Elaboración dun informe sobre a Economía Social en Galicia cos datos de 2022, continuando cos elaborados para os anos 2019, 2020 e 2021

O Informe sobre a Economía Social en Galicia 2022 actualiza a principal información recollida no Libro Branco da Economía Social de Galicia, e os Informes dos anos 2019, 2020 e 2021. Todos os informes atópanse na web do CECOOP no apartado informes (<https://www.cecoop.eu/informes>).

Informes sobre Economía Social en Galicia

- [Informe sobre a Economía Social en Galicia 2022](#) (pdf).
- [Informe sobre a Economía Social en Galicia 2021](#) (pdf).
- [Informe sobre a Economía Social en Galicia 2020](#) (pdf).
- [Informe sobre a Economía Social en Galicia 2019](#) (pdf).
- [Libro Branco da Economía Social en Galicia 2018](#) (pdf).

6.- Deseño dun portal estatístico galego para a Economía Social en Galicia (GALESTAT-CECOOP) coa metodoloxía do CIRIECSTAT para elaborar uns datos comparables a nivel de España e con outras comunidades autónomas.

En novembro foi presentado á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha proposta de deseño do portal estatístico da Economía Social en Galicia (GALESTAT).

b) Realización de actividades de formación, difusión e divulgación

7.- Organización de actividades na Universidade de Santiago de Compostela dentro da “IV Semana Universitaria de Economía Social” na semana do 20 ao 30 de marzo, organizada polos Centros e Institutos de Investigación adheridos a RED ENUIES

A “Red Española Interuniversitaria de Institutos y Centros de Investigación en Economía Social” (ENUIES) e CIRIEC-España acordaron que a última semana do mes de marzo de cada ano dedicárase á celebración da “Semana Universitaria da Economía Social” .

Así, cada centro está a organizar un conxunto de as actividades, en función dos seus obxectivos, recursos e dispoñibilidade: Conferencias, charlas na aula, mesas redondas de entidades, cinema-fóruns, cafés-faladoiro, exposicións, presentacións de libros, presentacións de resultados de proxectos de investigación, feiras, talleres ou formacións específicas, entre outras.

Desde a rede trátase de xerar sinerxias para a comunicación e o impacto destas actividades, así como entre os centros e investigadores participantes, que estaremos a contribuír a unha acción colectiva que beneficiará ao conxunto da Economía Social e á imaxe que este sector ten no ámbito universitario e na sociedade.

O Centro de Estudos Cooperativos da USC, que forma parte da Red ENUIES, elaborou, coa colaboración da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade co sector, coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e

co profesorado, un conxunto de actividades a desenvolver englobadas en catro bloques.

Nesta semana tiveron lugar 150 actividades en 38 universidades españolas e de iberoamérica.

Na Universidade de Santiago de Compostela unha vintena de profesores e profesoras achegando a ES a máis de 600 estudantes de Economía, ADE, Dereito e Relacións Laborais.

O acto central desenrolouse o día 22 de marzo de 2023 ás 12h na Aula B da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e contou coa presenza de máis de 200 estudantes.

IV Semana Universitaria de la Economía Social 2023. 22 marzo 12h. Aula B

Evento promovido por la Red ENUIES, de CIRIEC-España

Acto Central: ¿Qué es la Economía Social?

Participación de: Covadonga Toca (Secretaria Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social), Celso Gándara (Presidente de ForoEsgal), J. Alberto Pouso (Triwus S. Coop. Galega), Xosé Lois Llamazares (Lugar da Veiga, SLL), Raquel Alvite (Combina Social), Raquel Freire (Primicias Raiña, EIL), Maite Cancelo, (CECOOP), Xoán Doldán (Decano da Facultade) e Pilar Murias (Vicerreitora de Estudantes e Cultura)

HASHTAG: [#SemanaUniversitariaES](#) [#EconomíaSocial](#)

Interviñeron: Covadonga Toca (Secretaria Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia), Celso Gándara (presidente do Foro Galego pola Economía Social), Pilar Murias (Vicerreitora de Estudantes e Cultura), Xoán Doldán (Decano da Facultade) e a directora do CECOOP, Maite Cancelo.

Neste acto, Celso Gándara falou sobre “Que é a Economía Social?” e presentou a catro entidades das principais familias da ES galega que expuxeron aos estudantes o seu modelo empresarial:

- o Triwus S. Coop. Galega. J. Alberto Pouso Ramallo
- o Lugar da Daveiga SLL. Xosé Lois Llamazares.
- o Combina Social. Centro Especial de Emprego. Raquel Alvite.

o Primicias Raiña. Asociación Raiña Paraiso. Empresa de Inserción Laboral. Raquel Freire



Xornada “Emprendemento dixital: a Economía Social como modelo empresarial”

Data: 21 de marzo de 2023

Organizou: Loreto Fernández. CECOOP e LIES_GA

Na Escola Técnica Superior de Enxeñería organizouse unha xornada con 2 casos de emprendedores cuxas empresas adoptaron formas xurídicas propias da Economía Social. O programa contempla unha primeira intervención na que se achegou ao alumnado á Economía Social para logo presentar as experiencias de emprendedores que adoptaron este modelo de negocio.

Interviñeron: Paola Quintero, socia de Gyleven S. Coop. Galega e Carlos Domingo Arias, socio de Triwus, S. Coop. Galega.

Moderou: Rebeca Sánchez, socia en Abeluria, S. Coop. Galega. Xornalista e comunicadora



Actividades nas aulas de diversas materias

Datas: do 21 ao 31 de marzo de 2023

Nesta actividade, na que participarán profesores de varias materias dos graos de Economía, Administración e Dirección de Empresas e dobre grao de Dereito e Relacións Laborais e no Máster Universitario en Dirección de Empresas (MBA) que abordaron o concepto e cuantificación da Economía Social galega desde o punto de vista da política económica, o dereito do traballo, o desenvolvemento económico, a sustentabilidade, a econometría e organización de empresas, incorporando de forma transversal estes conceptos nas clases interactivas das respectivas materias, o que se resume no seguinte cadro:

Título	Responsables	Breve descripción	Titulaciones
A ES en Galicia 2020: unha modelización econométrica para o caso das cooperativas	Eva Aguayo Maite Cancelo Isabel Neira Emilia Vázquez	Nas materias de Econometría II Analizouse o último informe da ES en Galicia 2021. Tamén se traballou na modelización econométrica da creación de cooperativas	3º GECO y 3º GADE
A Economía Social na aula: unha visión autonómica	Diego Sande	Na materia Política Económica os alumnos traballaron en grupos e expuxeron as principais características e datos das principais familias da ES	2º GADE
Actividade interactiva na materia Desenvolvo Económico e Sustentabilidade	Rosa Regueiro	Os estudantes realizaron unha selección das entidades de economía social que en Galicia colaboraron de forma significativa á sustentabilidade ambiental.	4º GECO
Habilidades Directivas na economía Social: creando equipos para empresas sostibles	María Bastida	Charla de Ana Olveira, socia de Abeluria S. Coop. Galega e Presidenta de Espazocoop	MBA
Lorenzo Design: poñendo mesas en máis de 60 restaurantes de alta cociña	María Bastida	Charla de representante de Raiados S. Coop. Galega	Grado de RR.LL:

Reto Kahoot: Que coñeces achega do traballo na Economía Social?	Alicia Villalba	A actividade consiste na resposta a diversas cuestións crave acerca da Economía Social mediante a ferramenta Kahoot en: emprego e autoemprego en ES e tratamento xurídico deparado á prestación de servizos.	Dobre Grao de Dereito-RR.LL.
-----------------------------------------------------------------	-----------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------

8.- Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Emprego e Igualdade e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades

Participación e asistencia da directora do CECOOP nas seguintes actividades:

- Participación na Xornada de exposición e aportacións “Construíndo a estratexia de economía social 2023-2026” o 10 de marzo
- Asistencia á Asemblea da Economía Social Galega o 14 de xuño.



Xornada de exposición e aportacións

Construíndo a estratexia de economía social 2023 - 2026



Outras actividades:

- Entrevista da directora do CECOOP na web de Espazocoop (<https://espazo.coop/es/noticias-del-cooperativismo/entrevista-a-maite-cancelo-autora-do-informe-da-economia-social-de-galicia/>)
- Colaboración con Espazocoop e Agaca na difusión de becas para estudantes para a realización de prácticas de entidades destas asociacións.



Entrevista a Maite Cancelo, autora do «Informe da Economía Social de Galicia»

Maite Cancelo, Directora del Centro de Estudios Cooperativos (CECOOP) de la Universidad de Santiago de Compostela, autora del Informe de la Economía Social en Galicia 2021: "Las fórmulas asociativas como EspazoCoop son importantes ya que atienden necesidades específicas y difunden los valores recogidos en los principios cooperativos"

Prensa

Se elaboraron comunicacións á prensa e para os boletíns informativos de CIRIEC- España da presentación do Informe da ES e das actividades da IV SUES. A continuación recóllense o resumo do seu impacto:

- Presentación do informe da ES en Galicia 2021 (novembro de 2022):

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-mujeres-representan-51-total-socios-fundadores-cooperativas-2021-20221128130334.html>

<https://www.elcorreogallego.es/galicia/as-mulleres-representan-un-51-dos-socios-fundadores-de-cooperativas-no-ano-2021-IN12689221>

<https://www.lavanguardia.com/local/galicia/20221128/8625152/mujeres-representan-51-total-socios-fundadores-cooperativas-2021-mantienen-evolucion-positiva.html>

<https://www.elcorreogallego.es/opinion/editoriales/la-fortaleza-de-la-economia-social-BH12732982>

<https://www.elcorreogallego.es/galicia/consolidacion-de-la-economia-social-en-galicia-aumentan-las-nuevas-entidades-OH12733397>

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2022/12/05/449-cooperativas-asientan-provincia-39-total-gallego/0003_202212H5C3995.htm

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/presentado-informe-economia-social-galicia-2021>

- IV SUES:

<https://www.mundiario.com/articulo/eurorregion/iv-semana-universitaria-economia-social-participacion-usc/20230321195507265226.html>

<https://www.economiaengalicia.com/articulo/eventos/usc-cecoop-implican-iv-semana-universitaria-economia-social/20230321185252023424.html>

<https://www.elcorreogallego.es/santiago/2023/03/23/600-estudiantes-unha-ducia-docentes-85036760.html>

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/semana-universitaria-economia-social-tece-vinculos-alumnado-profesionais-sector>

<http://www.observatorioeconomiasocial.es/actualidad-observatorio.php?id=5359>

9.- Coordinación e proposta de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.

O CECOOP é o encargado na USC da coordinación e proposta de actividades da Rede Eusumo. Neste ano non se recibiu ningunha proposta por parte da Rede.

c) Promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa

10.- Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima mensual.

Resumo sentenzas

- Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil), Sección 1ª, de 17 de abril de 2023, núm. 498/2023, recurso núm. 1037/2019:

Los demandantes, los Sres. Isidro e Genoveva exercitaron contra Caixabank, S.A. unha acción de declaración de nulidade dunha cláusula solo, alegando na súa demanda que non negociaron a inclusión de dita cláusula no contrato, senón que lles foi imposta.

Estes señores, o 19 de outubro de 2011 firmaron unha escritura de adxudicación con subrogación hipotecaria pola cal adquirirían un local comercial e se

subrogaban na hipoteca ao promotor constituída pola cooperativa denominada Puento de Hierro S. Coop. And.

O Xulgado de Primeira Instancia apreciou a abusividade da cláusula, obrigando ao banco a restituír as cantidades percibidas pola súa aplicación. Sen embargo, a entidade bancaria demandada recurriu en apelación, estimando a Audiencia o recurso e desestimando a demanda.

Ao respecto, os demandado interpoñen recurso extraordinario por infracción procesal e recurso de casación.

A Sala do Tribunal Supremo, en canto ao coñecemento da cláusula pola subrogación, afirma que a sucesión contractual non releva a entidade financeira do seu deber de transparencia, nin sequera no caso no que, por ser cooperativistas, o préstamo ao promotor no que se subrogaron fora concedido á cooperativa a cal, tras a construción e adxudicación, transmitiu o inmovible aos consumidores.

En conclusión, pronúnciase a Sala afirmando que neste caso, o dereito a obter información a través da cooperativa non exime a entidade do cumprimento dos seus deberes de información.

- Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil), Sección 1ª, de 28 de febreiro do 2023, núm. 321/2023, recurso núm. 3586/2019:

O presente recurso de casación for promovido por un socio da cooperativa agraria de Castilla la Mancha e o seu obxecto é a impugnación do acordo da asemblea xeral da cooperativa que lle impuxo unha sanción de 12.000 euros pola comisión dunha falta tipificada como moi grave nos estatutos de dita cooperativa, ao incumprir as obrigas dos socios recollidas nos estatutos vende parte da súa produción de uva na campaña 2017/2018 fora da mesma.

En primeira instancia, o Xulgado do Mercantil entendeu probados os feitos pero considerou que a sanción era desproporcionada. Entón, a sociedade cooperativa demandada apelou a sentenza e a Audiencia Provincial desestimou o recurso de apelación. Debido a isto, a sociedade cooperativa formulou recurso de casación invocando infracción dos artigos 37 e 38 da Lei 11/2010 de Cooperativas de Castilla la Mancha e dos artigos 1 e 19 dos Estatutos Sociais, alegando ademais a aplicación da doutrina dos actos propios por considerar a sanción proporcionada xa que o demandante fora presidente da cooperativa nun pasado.

O Tribunal, sobre o control xudicial dos acordos disciplinarios das sociedades cooperativas alega que neste caso en particular dada a natureza patrimonial da sanción e o prexuízo económico que esta supón para o cooperativista, o ámbito da cognición do tribunal para revisar o acordo disciplinario é amplo e non se encontra imposto polo dereito á auto organización da sociedade cooperativa como podería estar no caso dun acordo doutra natureza.

Outro dato importante a ter en conta é o feito de que, de acordo ca proba practicada, impúxoselle a sanción máxima ao socio coa finalidade de disuadir ao cooperativistas de darse de baixa na cooperativa, xa que o feito determinante da

sanción foi a solicitude de baixa. É doutrina reiterada por este tribunal que o socio pode abandonar voluntariamente a cooperativa cando o desexe coa recuperación das súas aportacións, sempre que cumpra os obrigas legais e estatutarias.

Por todo isto, o tribunal desestima o recurso de casación interposto pola cooperativa.

- Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil), de 13 de outubro de 2022), núm. 667/2022, recurso núm. 3821/2019:

O recurso de casación da presente sentenza interponse por dous cooperativistas da Sociedade Cooperativa de Vivendas Terras de Burgos contra tres entidades financeiras. Estes cooperativistas interesaron o reintegro das cantidades anticipadas e ingresadas en cada unha das tres entidades máis os seus intereses dende a fecha das respectivas entregas.

Polo tanto, o obxecto deste recurso é determinar o comezo do devengo do interese legal das cantidades aportadas polo cooperativistas. Establece ao respecto o tribunal que o aspecto verdadeiramente relevante é o momento en que ambas entidades incorreron na responsabilidade do art. 1-2.^a da Lei 57/1968, o cal se traduce no momento no que aceptaron os ingresos dos cooperativistas sen esixir a cooperativa promotora a apertura dunha conta especial con súa debida garantía. Polo tanto, resolve a Sala afirmando que os intereses, pola súa natureza remuneratoria, comezaron a devengarse dende ese mesmo momento.

11. *Mantemento dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas, con análise dos principais aspectos que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.*

Illas Baleares

O 14 de marzo publícase no Boletín Oficial das Illas Baleares a Lei 5/2023, de 8 de marzo, de sociedades cooperativas das Illas Baleares, que entrou en vigor o 14 de abril deste mesmo ano. Coa aprobación de esta lei, unifícase todo o marco xurídico cooperativo, regulándose nela dende as sociedades cooperativas en xeral ata as microcooperativas, que antes atopábanse reguladas na Lei 1/2003, de 20 de marzo, de cooperativas das Illas Baleares e na Lei 4/2019, de 31 de xaneiro, de microcooperativas das Illas Baleares.

Neste texto normativo establécese a existencia dun Rexistro de Cooperativas, simplificando os trámites e expresando os actos de inscrición obrigatoria. Tamén diminúen as cargas administrativas, eliminando a esixencia de balance social e simplificando o procedemento para modificar os estatutos. Introdúcese un réxime

de transformación das cooperativas, regulándose figuras como a fusión, escisión, transformación..

Illas Canarias

A Lei 3/2022, de 13 de xuño, de Economía Social de Canarias configura un marco xurídico común para o conxunto das entidades do sector da economía social. Así, o texto recolle os principios orientadores e comúns a todas estas entidades, así como establece tamén unha lista de cales son as entidades da economía social.

Por outro lado, coa aprobación desta lei créase unha Comisión da Economía Social de Canarias como un órgano de carácter consultivo e asesor para as actividades relacionadas con este tipo de economía. Regulándose polo tanto no seu Capítulo IV as funcións, a composición, funcionamento e o nomeamento e cese dos titulares de dita comisión.

Ademais, o 26 de novembro de 2022 publicouse no BOE a Lei 4/2022, de 31 de outubro, de Sociedades Cooperativas Canarias. Neste texto legal regúlase todo o que ten que ver coas cooperativas a nivel autonómico, dende a súa constitución ata o réxime social, os órganos da sociedade, o seu réxime económico, a documentación e contabilidade, a posibilidade de transformación, fusión, escisión, disolución ou liquidación, os tipos de cooperativas...

Comunidade de Madrid

Lei 2/2023, de 4 de marzo, de Cooperativas da Comunidade de Madrid, deroga a anterior normativa, que levaba vixente xa máis de 20 anos. Entre as novidades do novo texto legal, compre destacar as seguintes: no que respecta as seccións, recóllese a posibilidade de crear una sección de crédito pero limitando as súas operacións ao interior da cooperativa.

Elimínase a obrigatoriedade dun capital social mínimo de tres mil euros, redúcense as aportación ao fondo de reserva obrigatorio, substitúese o réxime de autorizacións administrativas por una declaración responsable, permítese a celebración de asembleas ou consellos de maneira telemática...

Comunidade Valenciana

O Decreto-Lei 4/2023, de 10 de marzo, do Consell de modificación do Decreto Lexislativo 2/2015, de 15 de maio, do Consell, polo que se aproba o texto refundido da Lei de cooperativas da Comunidade Valenciana, incorpora certas novidades ao marco normativo xa existente, regulando por exemplo o procedemento abreviado de inscrición de cooperativas, modifica tamén o contido mínimo dos estatutos sociais, regúlase de maneira moito máis detallada a impugnación dos acordos sociais, establécese un procedemento abreviado tamén para a disolución e liquidación das cooperativas en certos supostos tasados.

Navarra

A Lei Foral 4/2022, de 22 de marzo, de Cambio Climático e Transición Enerxética modifica a Lei Foral 14/2006, de 11 de decembro, de Cooperativas de Navarra para introducir a expresamente a posibilidade de organizarse como cooperativas de consumidores e usuarios para participar na xeración, distribución, subministración, consumo, agregación, almacenamento de enerxía, incluída a renovable, prestación de servizos de eficiencia enerxética ou similares cuxo obxectivo sexa ofrecer beneficios medioambientais, económicos e sociais aos socios, localidade ou comarcal.

A NIVEL ESTATAL

As novidades legislativas no ámbito cooperativo e económico social a nivel estatal foron as seguintes:

O Real Decreto-lei 1/2023, de 10 de xaneiro, de medidas urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas modificou a Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social.

O cambio máis significativo e o feito de que se facilita o uso da capitalización por desemprego na incorporación como socios a cooperativas e sociedades laborais, posibilitando desta maneira que as persoas traballadoras por conta allea poidan adquirir a condición de socias traballadoras ou de traballo, ao poñer a súa disposición os recursos económicos necesarios para poder adquirir as accións ou participacións de ditas entidades de economía social.

12. Apoio e asesoramento na redacción da nova Lei de cooperativas de Galicia

Non se recibiu ningunha solicitude de asesoramento sobre a nova Lei por parte da Consellería, pero se elaborou un informe sobre a modificación da Lei española de Economía Social.

d) Dotación material

13.- Adquisición de bibliografía especializada.

Este ano dotouse para a Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, das seguintes publicacións, para o uso tanto dos investigadores galegos como dos estudantes da USC:

- "CIRIEC-España, Revista de Economía Social y Cooperativa"
- "CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Pública, Social y Cooperativa"
- Revista "Estudios de Economía Aplicada" da asociación científica ASEPELT

14. Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP

Neste apartado figura o abono do webmaster - a USC non se fai cargo da páxina web do CECOOP, aínda que se sitúe enlazada na páxina web oficial da Universidade -, e de mantemento e consumibles dos ordenadores, impresoras e cables de conexión para compatibilizar os ordenadores coas instalacións da facultade de CCEE e de Dereito. Inclúense tamén os gastos de actualización de software e mantemento de equipos utilizados polos investigadores do CECOOP.

A páxina web recolle as publicacións do CECOOP, así como os relatorios de interese elaborados por investigadores do CECOOP ou por participantes en mesas, seminarios ou xornadas celebradas con arranxo aos convenios de colaboración.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2023.